

GRUPO E00.150

MARTÍNEZ REY, PATRICIA 152.E01

RIVEIRO COLLAZO, PAULA 152.E02

RODRÍGUEZ SUÁREZ, MELISSA 152.E03

SALGADO BARBOSA, NOELIA 152.E04

VILLAMARÍN ALONSO, MARÍA ISABEL 152.E05

## **TRATAMENTO DA MULLER RURAL NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E NA SOCIEDADE**

### **MEMORIA POST GRUPAL**

#### **1.1 POST ESCOLLIDOS**

##### **POST GRUPAL. 12 DE MARZO DE 2015**

**Escollemos este post xa que nel está a explicación de Isabel Vilalba, a secretaria do Sindicato Labrego, o nos aval; sobre o funcionamento da comunicación e a súa organización para o traballo que realizan así como a súa comunicación coas mulleres rurais. Pareceunos moi interesante, xa que a parte de que nos da información sobre eles, trata temas mirados na materia.**

**“Eu apostei sempre por relacións colaborativas”, Isabel Vilaba, secretaria xeral do Sindicato Labrego**

Seguindo na liña de investigación dos movementos do noso aval , O Sindicato Labrego, hoxe neste post, contaremos un pouco as reflexións feitas por Isabel Vilalba, a secretaria xeral. Ela cóntanos un pouco como son as súas estratexias comunicativas, tanto entre os compañeiros do traballo así como con xente externa a cal axudan. Polo tanto, verase como falou da relación existente entre os compañeiros, os círculos que teñen creados entre si; así como eses círculos máis externos de relación coas mulleres rurais.

“Eu creo que un pouco en xeral, supoño que no Sindicato Labrego Galego pasa coma en calquera outra organización. No momento no que eu estou xa na comarca xa se notaba que había un grupo de compañeiras e de compañeiros cos que realmente, dalgún xeito, tiña reflexionado sobre como intentar buscar relacións entre os compañeiros e compañeiras; que a xente puidera tomar a palabras, que as persoas que estábamos naquel momento tamén puideramos participar nos espazos e ter unha participación máis activa, ir ocupando responsabilidades e este tipo de cousas. Creo que a organización é igual ca outra, onde hai de todo, persoas que teñen un perfil non tanto de traballo colectivo e tampouco teñen tan presente valores de igualdade como na sociedade mesma. En xeral si que xa, polo menos cando eu entrei, había un

grupo de xente que tiña preocupacións semellantes e nese caso as relacións para min no xeral eran positivas, aínda que nalgún momento houbera algunha persoa que non o entendera así, pero en xeral, xa levo bastante camiño andado coas compañeiras que me precederon e tamén por compañeiros que xa iniciaran esa reflexión. Hoxe en día, eu ocupo o cargo de Secretaria Xeral da asociación, a min gústanme as organizacións que debaten colectivamente os temas e cando o fan que tomen as decisións de maneira colaborativa, tendo en conta as perspectivas de todas as persoas. Non sinto que por ser muller cuestionen as miñas decisións, aínda que si que sinto que como somos unha organización onde hai moitas voces, pois as veces hai persoas que non teñen que estar de acordo coas decisións e pódense xerar debates, o cal eu creo que é normal e san nunha organización.

Hai xerarquía dende o momento que hai executiva, dende que hai ese tipo de cargos hai unha certa xerarquía. De todos modos eu non creo nas xerarquías, creo nos procesos colectivos. Intento sempre que tomemos as decisións colectivamente, en grupo e ter en conta as circunstancias.”

No entanto a cuestións de relación coas mulleres rurais, á comunicación con elas, o que nos contou foi o seguinte.

“Para min resúltame unha comunicación moito máis doada. Primeiro porque a min non me gusta a comunicación onde hai espazos moi verticais, onde hai un orador e unha relación de distancia entre a xente. Eu creo que as mulleres, en xeral, temos outra proximidade.

Sempre intentamos ter unha oferta para todo Galicia, facendo diversos actos, onde eliximos temáticas de actualidade, de conexión coa loita de outras mulleres. Hai atención para calquera afiliada, un coidado... intentamos sempre buscar a participación das mulleres nos distintos sectores, nos distintos ámbitos de traballo. Os locais son bastante diversos, hai locais nos que hai máis consultas de ámbito profesional (seguridade social...) e despois hai outros que tratan mulleres afectadas por malos tratos, relacións conflitivas no ámbito persoal ou familiar. Supoño que as veces depende dos recursos que haxa nas comarcas, hai lugares onde hai moi bo funcionamento de recursos de atención social e penso que hai moitos factores. Hai veces que se xeran relacións de moita confianza, as mulleres na Asociación poden ter acceso a un acompañamento segundo as súas situacións e hai algún outro local no que non se chegou a esa demanda.”

**Comentarios e respostas:** Este post ten dous comentarios, un feito polo profesor e outro feito por **COSTA CUIÑA, NURIA 151.A03**, este último está respondido. Aínda que se apuntou que sería un post no que debería de comentar todo o mundo, pois trataba un tema interesante para a materia, non só para o noso traballo, non foron moitos os que se animaron a facelo.

13 DE ABRIL DE 2015.RODRÍGUEZ SUÁREZ, MELISSA 152.E03

Principalmente escollemos este post porque recolle a temática principal do noso traballo: como son vistos os agricultores polo resto da cidadanía segundo diversos estudos realizados. O que nos dá pe para tratar o tema da muller nos medios de comunicación e tamén para os análises que fixemos dos diferentes programas e revistas agrarias.

## A IMAXE DA AGRICULTURA

Continuando coa análise de revistas agrícolas, hoxe tócalle á revista *Campo y mecánica*. Pero hoxe non nos centraremos no tratamento que se lle da á muller nesta revista, senón nunha reportaxe sobre a imaxe da agricultura: é realmente tan negativa como se adoita mostrar nos medios de comunicación?; que factores inflúen nesta imaxe?



A reportaxe comeza dicindo: “A imaxe dos agricultores é boa. Non obstante, regularmente son o banco de críticas do gran público”. Agora veremos o por qué. Máis que unha profesión, a agricultura é a miúdo unha vocación. A opinión pública é consciente disto, como o demostran diversos estudos realizados en varios países. As persoas interrogadas asociaron os agricultores con valores positivos: “proporcionan alimento e coidan da paisaxe e da fertilidade das terras”. Nun estudo realizado polo GfK Verein (Instituto de Estudos do Consumo, do Mercado e da Distribución), un 86% dos 28.000 consumidores enquisados considerou a profesión de agricultor como unha categoría profesional “digna de confianza”. En Alemaña, nun estudo realizado no ano 2012, o 78% dos 1.000 consumidores interrogados opinaban que a agricultura constitúe a columna vertebral do país e contribúe significativamente á calidade de vida dos seus habitantes. A pesar disto, a impresión que os agricultores

teñen da súa imaxe social é globalmente negativa debido a que os medios de comunicación se apoderan regularmente de escándalos relacionados coa agricultura. É conveniente resaltar que en materia de alimentación, o medo vende. Archim Spiller, alemán especialista en marketing expón que “o sector conseguiu desfacerse da imaxe anticuada que o perseguía grazas á aparición de novos segmentos de actividade como as enerxías renovables e o biogás”. Tamén engade que “non é a agricultura en si a que se cuestiona, senón certos aspectos da produción, especialmente a gandaría, os transxénicos, a protección das plantas e a fertilización”. Dende aquí deixamos o debate aberto para que compartades as vosas opinións. Como pode unha categoría profesional ser apreciada polo gran público e ao mesmo tempo ser o banco de críticas recorrentes? Débese esta ambivalencia exclusivamente aos medios de comunicación?

**Comentarios e respostas:** Este post ten seis comentarios feitos por GÓMEZ CASTRO, DAVID 151.H01, JORGE MICHELENA 152.F01, AMORÍN RIVERA, DANIELA.151.A01, ALONSO FERNÁNDEZ, ROMINA 151.G01, Cristina Aмоса Tato #151.D01 e Davila Fernández, Pedro 151.G02 todos eles contestados.

**17 ABRIL DE 2015. VILLAMARÍN ALONSO, MARÍA ISABEL 152.E05**

**Escollemos este post xa que foi o último e fai un breve análise de todo o que tratamos ó longo de estes meses na realización do traballo da muller rural, ademais de chegar a unhas pequenas conclusións finais.**

### **ATA PRONTO COA COMIDA ECOLÓXICA**

Neste último post quero eu, e en nome do meu grupo, facer unha reflexión sobre todo o que levamos afondado en post anteriores acerca do mundo rural e a presenza destas mulleres rurais nos medios de comunicación. Para elo quero mostrarvos unha noticia que saíu na Voz de Galicia, na cal se entrevista a varios empresarios que empezaron no mundo da agricultura ecolóxica como nova saída profesional. En concreto interéсанos a última moza entrevistada, Judith García Andrade, que como moitas das mulleres coas cales falamos di que “o traballo do campo é moi gratificante pero está moi pouco valorado”, aínda así, esta moza coruñesa pareceulle máis interesante a idea de dedicarse a agricultura que seguir estudando, algo raro no mundo actual.

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/agro/2015/04/12/nicho-agricultura-ecologica/0003\\_201504G12P40995.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/agro/2015/04/12/nicho-agricultura-ecologica/0003_201504G12P40995.htm)

A iniciativa desta rapaza a facer agricultura ecolóxica non é estraña, e como vimos ó longo de todo este tempo, é a principal para as mulleres que se queren dedicar a isto ou que simplemente levan toda a vida no campo e queren reinventarse. Dende aquelas que apostan por crear a súa propia tenda, aquelas outras que teñen distribuidores que comercializan o produto en

diferentes fogares, até aquelas últimas que venden en mercados como o de Santiago de Compostela “Entre Lusco e Fusco”. A **agricultura e gandaría ecolóxica** é un sector en auge que está facendo que as mulleres rurais se encontren cómodas nun espazo que moitas veces se ve masculinizado, e eu creo que ese é un paso moi importante para que se vexan os labores tan importantes que realizan as agricultoras no rural.

Polo tanto, e amodo de pequena conclusión, aínda que penso que queda moito camiño por recorrer para que a presenza do xénero feminino no rural se vexa na sociedade igual que o masculino (aínda que na realidade é maior); o desenvolvemento de novos tipos de agricultura que permitan a muller unha maior visibilidade e un maior recoñecemento do seu traballo son fundamentais, aparte de novidosos e gratificantes.

**Comentarios e respostas:** Este post tivo 3 comentarios feitos por GÓMEZ CALVO, NOELIA 151.D02, GIRÁLDEZ RODRÍGUEZ, VALERIA 151.C02 e Davila Fernández, Pedro 151.G02 todos eles tamén respondidos.

## **EXPLICACIÓN DA ESCOLLA DESTES POST E DO ITINERARIO SEGUIDO**

Escollemos estes tres post xa que creemos que resumen a perfección todo o que intentamos conseguir e perseguir facendo este traballo. O primeiro post é o reflexo da comunicación que o noso aval utiliza para realizar as súas actividades. Algo que nos pareceu importante é interesante xa que é parte da materia e que condiciona o traballo en xeral. Logo, o segundo post que escollemos trata a opinión da cidadanía cara os agricultores, algo moi importante para ver como está a figura da muller rural dentro deste mundo. Por último, e como só se podían escoller tres post, decidimos poñer o último post que se publicou no blog onde se fai unha referencia a como nós pensamos que está a situación da muller rural logo de facer unha análise, tanto de campo como de documentación, e cales serían as súas mellores saídas para unha boa visibilidade.

Aínda que cremos que os demais post son tamén moi interesantes, seguindo coa liña de traballo, estes tres reflicten dunha maneira bastante precisa no que traballamos.

O proceso que seguimos para levar a cabo as nosas pescudas foron diferentes e pódese dicir que tomaron dous camiños apartados. Como non nos queríamos centrar soamente no análise documental e investigar a través de documentos; pois a materia remítenos a comunicación e aínda máis a comunicación comunitaria realizamos entrevistas a varias persoas. Nun primeiro momento entrevistamos a persoas do noso aval, as cales nos contaron como ven o problema dende o seu punto de vista e cales son as alternativas comunicativas que elas marcarían como válidas. Pola outra banda, entrevistamos as protagonistas dos feitos; a esas mulleres rurais e labregas que sempre teñen moito que contar e dicirnos.

O outro camiño que perseguimos foi a análise de medios de comunicación, tanto audiovisuais como escritos, para saber cal era o tratamento de estes para coa muller rural. Cabe dicir aquí tamén, que todo o que analizamos tiña unha relación directa co medo rural e labrego, xa que eran os temas que principalmente se abordaban nos diferentes programas dedicados a isto.

Unha vez visto todo isto, e como concluimos nese último post que puxemos arriba, a visibilidade da muller aínda lle queda un percorrido un pouco longo, onde todos temos que seguir loitando. Aínda así, actividades de emprendemento como a comida ecolóxica e os negocios que están saíndo de isto, son os adecuados para conseguir unha boa dinamización e un recoñecemento idóneo.

## 1.2 ESTRATEXIA DE COMENTARIOS

Para a realización de comentarios cada membro do grupo foi libre á hora de decidir en que grupos se comentaba e de que maneira, é certo que tiñamos acordo co grupo das relacións interxeracionais e co grupo da muller roqueira, pois ámbolos dous podíannos aportar información e cousas que nos podían interesar; como tamén nós aportamos cousas que serviron para os seus traballos. Aínda así, realizamos máis comentarios fóra de estes dous grupos de traballo pois albiscamos temas que nos pareceron interesantes e nos que tamén queríamos ser partícipes, a saber: radios comunitarias, grupos de scout...

Os comentarios que recibimos sempre foron, dende o nos punto de vista, animosos e que querían incentivarnos a que seguísemos co traballo, pois na maioría dos casos parecíanlles temas moi interesantes que compren ser analizados e ter en conta na sociedade actual. Sempre, ou case sempre, aportaron enlaces que nos serviron para complementar a información que estabamos recadando, ademais de opinións que nos serviron para ter en conta os diferentes puntos de vista. Algunhas veces tamén se mostrou asombro por algunhas das informacións que compartíamos, pois algúns compañeiros non comprendían como aínda hoxe en día se podían desenvolver algúns dos estigmas que comentabamos. Pois eles nunca se viran nesas situación nin crían que estas se puidesen dar aínda.

O que pretendemos en todo momento á hora de facer os comentarios foi servir de axuda, tanto á hora de aportar información como de crear debate, e que se abrisen novas liñas nos traballos para tocar temas que aínda non o estaban sendo e pensamos que sería preciso que se falase de eles. Tamén, e cando era posible, aportamos enlaces ou informacións que cremos que lles serían útiles e poderían servir para o desenvolvemento da súa actividade.

Cremos que foi, polo tanto, un intercambio de información e opinións entre varios grupos que nos serviu para tratar máis en profundidade ou dende outras perspectivas os temas que nos tocaban e que consideramos necesarios ter en conta.

Despois de revisar os comentarios, tanto feitos como realizados, escollemos os que ó noso parecer aportaron máis ou foron de máis axuda. É certo que comentarios como estes había moitos e a escolla foi difícil. Porén, remarcamos que estes parecéronnos interesantes e que aportaban tanto para os traballos como para o conxunto da materia.

**Os comentarios que fixemos e que eliximos para por aquí son:**

**Comentario 1. Feito por VILLAMARÍN ALONSO, MARÍA ISABEL 152.E05 o día 20 de febreiro a o post publicado por SANTIAGO ARJONES, PAULA 152.C03.**

Os problemas de baleiros legais que existen para este terceiro sector así como a falta de frecuencias para poder emitir deberíase de solventar dun xeito inmediato xa que a transmisión de cultura e información debe ser o primordial. Aínda así, é ben sabido que os ánimos lucrativos son os que por desgraza moven todo o aparello loxístico e é ben difícil encontrar unha solución factible a este problema.

Ómellor é un problema de concienzación social, xa que aínda que unha radio comunitaria sexa moi interesante ou ofrezca comunicación relevante, se ninguén é capaz de aportarlle unha canle correcta para a súa difusión caeremos logo nunha banalidade.

Como ben dicides, o criterio comercial está por enriba de todo e o lema de “vender, vender, vender” está tan arraigado nas mentas das persoas que xa se ve algo estraño que isto non sexa así.

Dende sectores do goberno, tanto estatal como autonómico, deberíase loitar por vencer esta noción e darlle máis peso aqueles sectores non lucrativos que se queren abrir paso na información e na comunicación. Unha comunicación que na maioría dos casos pode resultar máis interesante e reveladora que a de algunhas emisoras convencionais.

Aquí vos deixo un documental en clave de humor sobre as radios comunitarias

<https://www.youtube.com/watch?v=nhC3UuvzTKU>

**Comentario 2. Feito por RODRÍGUEZ SUÁREZ, MELISSA 152.E03 ó post do día 16 de Marzo feito por GÓMEZ CASTRO 151.H01**

Para empezar, creo que darlle voz a unha scout para que nos conte os seus sentimentos e experiencias é unha boa aposta. Deste vídeo quédome coa seguinte información, que dende o meu punto de vista é moi interesante:

– “O escultismo está presente en todos os países do mundo, habendo un total de trinta millóns de scouts”. Non sei os demais pero eu polo menos descoñecía esta información e paréceme increíble!

– “É un movemento que ten máis de cen anos de historia, durante os cales foi evolucionando e adaptándose á sociedade”. Non sabía que tivera as súas orixes tan atrás...



– Uxía Cabaleiro foi a Jamboree, un campamento mundial scout no que todos os países están representados polos seus scouts. Considero que neste encontro de scouts se produce ao mesmo tempo un encontro de distintas culturas, relixións... do cal nada malo pode saír. É unha riqueza coñecer outras culturas e compartir con elas coñecementos.

Déixovos aquí o enlace dunha scout explicando a millóns de persoas as razóns polas que é scout.

<https://www.youtube.com/watch?v=mueh-iMNH48>

**Comentario 3. Feito por RIVEIRO COLLAZO PAULA ó post publicado o día 26 de marzo de 2015 no Post de GARCÍA BARRAGÁNS, NEREA 151.E04 titulado ‘Mujeres y desarrollo’**

Paréceme moi importante o tema que tratades neste post. Parece imposible que no tempo no que vivimos continúe habendo distincións entre homes e mulleres para ocupar certos postos de traballo e sobre todo cargos de importancia. No caso da comunicación, que os cargos de importancia sexan ocupados fundamentalmente por homes é, se cabe, aínda máis chamativo, xa que a maioría dos estudantes das facultades de Ciencias da Comunicación son mulleres. Déixovos un enlace e una noticia sobre uns microcréditos para mulleres emprendedoras que pode ser de interese

<http://www.negocios.com/noticias/tres-millones-euros-microcreditos-mujeres-emprendedoras-2015-24032015-1929>

**Comentario 4. Feito por SALGADO BARBOSA, NOELIA 152.E04 ó post publicado o día 3 de marzo de 2015 por GARCÍA MOLEDO, ALBA. 151.E01**

Malia vivir nunha sociedade tan avanzada seguimos etiquetando as persoas como ben decides. Sen saber o que hai detrás convertémonos en xuíces sobre imperfeccións alleas sen reparar en nos mesmos. Da entrevista de Palmira Chavero y Martín Oller quédome coas palabras que di que os medios so se acordan deste tipo de enfermidades para xerar espectacularización, menos mal que isto está cambiando. Aínda que se centren en Ecuador salientan problemas que tamén se dan aquí e como eles din a leinestes casos ten que actuar. Espero ver pronto máis avances sobre o voso traballo e esas sorpresas que nos traeredes e que sirvan para romper os extereotipos.

Déixovos un traballo acerca da loita contra os estigmas nas enfermidades mentais, un análise que se fixo acerca do tema en 2008.

<http://scielo.isciii.es/pdf/neuropsi/v28n1/v28n1a04.pdf>

Creo que este traballo de investigación das enfermidades mentais lles podería axudar a hora de realizar o seu traballo en canto contido. Unha vez que soubesen máis a fondo como son e os seus casos poderían analizar mellor se os medios lle dan a importancia que debida ou non.

**Os comentarios que recibimos e que eliximos para por aquí son:**

**Comentario 1. Feito o 9 de marzo por PÉREZ MARQUINA, CRISTINA 152.C01 ó post publicado por RODRÍGUEZ SUÁREZ, MELISSA 152.E03**

A pesar de los avances que hemos logrado en el tema, las mujeres todavía siguen siendo foco de desigualdad y desprotección laboral en algunos ámbitos como puede ser el caso del agro. Del visionado de esos programas seguramente podéis extraer conclusiones que nos resultaran interesantes. Al pensar en este tema se me plantean las mismas dudas que seguramente ya se os hayan ocurrido a vosotros como pueden ser en qué medida los medios de comunicación se hacen eco de las problemáticas de este sector en concreto de la población, que tratamiento le dan y si de alguna forma impulsan la creación de mejoras o acuerdos que las beneficien. Es posible que os ayude para vuestro trabajo los enlaces que os muestro a continuación. Por una parte el programa Canarias de Campo y Mar emitido cada domingo en la TV CANARIA y en concreto el programa homenaje a la mujer trabajadora. Con este enfoque y tratamiento en femenino, lo que busca destacar es el papel que juega la mujer en el desarrollo de las tareas del campo a través de varios reportajes en los que distintas mujeres aportan su historia y testimonios. Destacando una vez más el papel que juega la mujer en el agro, os dejo este ejemplo reciente de la celebración del VII Congreso de Cooperativas agroalimentarias en el cual se muestran tres ejemplos de mujeres que han sabido adoptar y dar la talla al frente de cooperativas agroalimentarias. Lo que buscan estos proyectos es el desarrollo personal y profesional de las mujeres rurales, buscando en todo momento la igualdad de condiciones entre ambos sexos. Además tratan acerca de la situación y realidad que viven las mujeres que trabajan el agro en España que tal vez os resulte útil a la hora de documentaros.

**Comentario 2. Feito por PEREIRA VILA, JORGE 152.H02 o día 27 de marzo no post publicado por VILLAMARÍN ALONSO, MARÍA ISABEL 152.E05**

Hai cousa dun ano marchei a Escocia co voluntariado de WWOOF para, de paso, buscar traballo en Edimburgo. WWOOF é unha asociación de proxección internacional que aglutina granxas orgánicas de todo o mundo para poñelas en contacto cos diferentes voluntarios que deciden botar unha man no agro e viaxar sen gastar moitos cartos.

<http://ruralvolunteers.org/WHOSTS/>

Como voluntario en diferentes granxas, fun testemuña do importante papel das mulleres, realmente de todos, no mundo rural. Hai que dicir que neste sector, polo menos en Escocia, coñecín a máis mulleres ca homes, unha situación que a elas non lles proporcionou privilexio algún sobre os demais. Todos, elas e eles, eran persoas admirables e sinceramente namoradas do seu traballo. Na miña experiencia xamais cheguei a concibir unha distinción entre xéneros no mundo laboral da agricultura, pois todos traballabamos arreo e con bos resultados. Será por esta razón que son incapaz de comprender o paternalismo (nunca mellor dito) de cara ás mulleres labregas (ou de calquera outro sector), de feito paréceme algo irreal, ilóxico e completamente irracional.

Nunca fun capaz de comprender os prexuízos laborais cara as mulleres. Tendo en conta a cantidade de amigas, traballadoras elas, que fan o seu traballo de forma eficiente e con certa paixón, non podo comprender actitudes e políticas en detrimento da metade da poboación humana. Non sei qué ve a xente, pero cando eu paso polo Mercado de Abastos de Santiago só vexo mulleres, case todas anciás fortes coma buxos, vendendo e cargando coas verduras da súa horta. Aparte, se a labranza é unha actividade asociada coas mulleres, culturalmente e de facto, ¿por que seguen a ter problemas por razón do seu sexo? Ao final vai ser cousa dese patriarcado.

**Comentario 3. Feito por GARCÍA CALAZA, IVÁN 151.G04 ó post do día 17 de marzo publicado por MARTÍNEZ REY, PATRICIA 152.E01**

Vin varias veces este programa e, seguindo a liña doutros da TVG tentan mostrarnos máis de preto a realidade da nosa comunidade que é eminentemente rural (refírome o territorio, xa que en poboación cada día vai a menos). Gustaríame facer un comentario acerca do tema dos estudos. Como podedes comprobar nos nosos posts, nos que tratamos as relacións interxeneracionais comparándoas entre si e as diferenzas existentes entre rural e cidade, é certo que, principalmente, no campo a escolarización era moi básica. No tocante a isto gustaríame destacar que sería importante diferenciar entre ter estudos e ter cultura. A miúdo existen os prexuízos de que a xente do campo é, “pouco lista” (dicíndoo dunha maneira sutil). Non obstante, como ben representa o voso titular (“no campo miramos moito as lúas”), a cousa é ben diferente. A sabedoría do campo é comparable a calquera outra disciplina. Podería se considerar unha sabedoría popular, pero non deixan de ser nocións de botánica, astronomía, física, mecánica,...porque para traballar no campo hai que ser polivalentes.

**COMENTARIO 4. Feito por GARCÍA CALAZA, IVÁN 151.G04 o 19 de febrero no post publicado por RIVEIRO COLLAZO, PAULA 152.E02**

O Sindicato Labrego Galego serve de axuda a moitas mulleres, pero obviamente non pode chegar a todo. Este Sindicato e outras asociacións fixeron e están facendo un gran traballo, pero aínda quedan moitos pasos para

ver completamente visualizada e recoñecida a imaxe da muller labrega. Quizais as propias características de Galicia coa poboación tan dispersa, fagan esta tarefa máis complicada. A muller quedou relegada o coidado da casa (gando, fillos e maiores) sen horarios, é dicir, sen momentos que non fosen outra cousa máis ca traballar. As desigualdades do campo ca cidade fan que as mulleres do rural non teñan as mesmas oportunidades. Nótase moito nos servizos dispoñibles onde as diferenzas son enormes. Supoño que o trataredes en próximos posts, pero sería importante coñecer de primeira man as opinións de mulleres labregas, teñen moito que dicir.

Aquí vos deixo unha entrevista realizada en Televinte Chantada a presidenta da Asociación de mulleres rurais de Carballedo.

<https://youtu.be/F0qOshO17pg>

## **2.APORTACIÓNS AS LECTURAS RECOMENDADAS E CONSENSO SOBRE ELAS**

Á través dos debates na aula e da explicación de conceptos, non só chegamos a aclarar cousas senón que nos permitiu, na ampla maioría dos casos, saber de que estabamos falando en cada momento pois algúns conceptos nunca os oíramos ou non tiñamos en mente o significado que realmente tiñan.

Ademais, os debates sobre lecturas e películas permitiu dunha maneira interesante o intercambio de información e a aproximación a un consenso grupal. O visionado de algúns documentais realmente bos, que de outra maneira nunca chegaríamos a descubrir, foi algo que nos agradou, como por exemplo “stories we tell” a cal lle pareceu un traballo moi bo a membro do grupo que lle tocou vela.

Tamén compre salientar que algunhas destas lecturas foron máis farragosas e difíciles de levar que outras, pois o seu discurso ás veces resultaba demasiado lento.

Aínda así, cremos que estas nos aportaron información que nos serviu para tratar o noso traballo e afondar en campos que non considerabamos importantes ou que estaban pouco explotados. Un percorrido que nos fixo aprender, non só a comunicarnos dunha maneira singular, senón a facelo do xeito e coa orientación precisa.